

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

9710 *Real decreto 748/2010, do 4 de xuño, polo que se modifica o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro.*

A Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, introduciu no libro V a regulación da nova oficina xudicial e dos aspectos estatutarios, funcionais e orgánicos máis relevantes do corpo de secretarios xudiciais.

Este novo deseño de oficina xudicial, que supón un profundo cambio na organización da Administración de xustiza, naceu co propósito claro de garantir co seu funcionamento a independencia do poder a que serve, a racionalización do traballo e un mellor aproveitamento dos recursos humanos e medios materiais.

A modificación regulamentaria que agora se realiza enmárcase no proceso de implantación desta nova oficina xudicial e é froito do acordo entre o Ministerio de Xustiza e as organizacións sindicais CCOO, UGT e Sindicato de Traballadores da Administración de Xustiza. Estas organizacións sindicais, xunto coa CSI-CSIF, son as que integran a Mesa Sectorial da Administración de Xustiza. Pretende introducir unha maior precisión e racionalidade na regulación dun aspecto esencial da nova oficina xudicial, e facelo co consenso e acordo dos principais axentes sociais implicados.

En primeiro lugar, considerouse oportuno adaptar o regulamento modificado á reforma da Lei orgánica do poder xudicial pola Lei orgánica 1/2009. Por este motivo, desaparece nesta modificación do artigo 39 do Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, a referencia expresa aos centros de destinos enumerados no anterior punto primeiro e substitúese por unha referencia xenérica ao previsto na Lei orgánica do poder xudicial.

Introdúcese, ademais, un novo número 3 no artigo 39, en que se realiza unha mención expresa á definición das funcións que desempeñará cada un dos corpos ao servizo da Administración de xustiza nas correspondentes relacións de postos de traballo. Desta maneira, e aínda que coa mencionada reforma ao artigo 521 da Lei orgánica do poder xudicial pola Lei orgánica 1/2009, do 3 de novembro, complementaria da Lei de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, se suprimen as características esenciais dos postos de traballo como mención básica das relacións de postos de traballo, instrumento básico da ordenación da actividade do persoal no novo modelo, o contido destas deberá establecer aspectos esenciais como a determinación das funcións atribuídas a cada un dos corpos da Administración de xustiza, os seus novos destinos na oficina xudicial. Preténdese, deste xeito, dotar de maior seguridade os funcionarios da Administración de xustiza que pasen a desempeñar postos de traballo na nova oficina xudicial.

Finalmente, incorpórase un novo artigo 39 bis en que se precisan algúns puntos relativos ás relacións de postos das unidades procesuais de apoio directo. Deste xeito, e aínda que o conxunto de unidades procesuais de apoio directo que radiquen nun mesmo municipio constituía un mesmo centro de destino nos termos establecidos na reforma do artigo 521 pola Lei orgánica 1/2009, complementaria da Lei de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, establécese a obriga de diferenciar nas relacións de postos de traballo de unidades de apoio directo a órganos xurisdiccionais unipersoais por ordes xurisdiccionais.

En definitiva, mediante esta reforma preténdese unha mellor e máis precisa regulación do marco a que se deben axustar as relacións de postos de traballo que se elaboren en todos aqueles partidos xudiciais en que, de maneira progresiva, se implante a nova estrutura organizativa.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiu informe o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de xuño de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro.*

O Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, queda modificado como segue:

Un. O artigo 39 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 39. *Centros de destino.*

1. Entenderase por centro de destino os previstos no artigo 521 da Lei orgánica do poder xudicial.
2. O xefe ou responsable da unidade ou centro de destino poderá atribuír, por necesidades do servizo, a realización de calquera das funcións propias do corpo, para o mellor funcionamento desas unidades, aos funcionarios que ocupen con carácter definitivo postos de traballo xenéricos.
3. A ordenación do persoal a través das relacións de postos de traballo realizarase definindo nos distintos centros de destino que se creen as funcións que desempeñará cada un dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, de conformidade co previsto nos artigos 476, 477 e 478 da Lei orgánica do poder xudicial.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 39 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 39 bis. *Relacións de postos das unidades procesuais de apoio directo.*

1. As relacións de postos de traballo das unidades procesuais de apoio directo que radiquen no mesmo municipio deberán conter necesariamente a diferenciación dos postos de traballo correspondentes:
 - a) Ao conxunto de unidades procesuais de apoio directo a un determinado órgano colexiado.
 - b) Ao conxunto de unidades procesuais de apoio directo a órganos xudiciais unipersoais pertencentes á mesma orde xurisdiccional.

Para estes efectos, entenderase que a orde xurisdiccional civil comprende os xulgados de primeira instancia, xulgados do mercantil e xulgados de familia. Entenderase que a orde xurisdiccional penal comprende os xulgados de instrución, xulgados do penal, xulgados de vixilancia penitenciaria, xulgados de menores e xulgados de violencia sobre a muller.

2. Os postos de traballo así diferenciados determinarán a atribución de funcións por parte do xefe ou do responsable da unidade ou centro de destino aos funcionarios que ocupen con carácter definitivo postos de traballo xenéricos, dentro de cada orde xurisdiccional.

Así mesmo, nos concursos de traslados os funcionarios poderán optar aos postos xenéricos diferenciados dentro do centro de destino correspondente ás unidades procesuais de apoio directo que radiquen no mesmo municipio conforme o establecido no punto primeiro deste artigo.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.5 da Constitución, que outorga ao Estado a competencia exclusiva en materia de Administración de xustiza.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de xuño de 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
FRANCISCO CAAMAÑO DOMÍNGUEZ